



12 de agosto de 2026

## **Autobús a Santiago / Axuda outras universidades**

Como en anos anteriores este Colexio continuará prestando o servizo de Autobuses a Santiago de Compostela para os fillos de Médicos que veñen cursando os seus estudos na Universidade. Co obxecto de poñer en marcha o servizo, pregámoste que, si estás interesado, envíes -coa máxima urxencia- a solicitude que adxuntamos, debidamente cuberta e asinada, acompañada de:

- Unha fotografía tipo carné do/s fillo/s que utilizara/n o servizo.
- Xustificante de matrícula do/s curso/s universitarios que realiza/n.
- Protección de datos debidamente asinada.

Como de costume, o horario do autobús será o seguinte:

**Domingo: Vigo-Pontevedra-Santiago**

**Saídas de Vigo: c/. Arenal (frente o Rectorado) - 20,15 horas**

**C/. Pza. España - 20,30 horas**

**Saída Pontevedra: c/. San Roque (Capela) - 21,00 horas**

**Con paradas en Santiago:** Campus Norte (Facultade de Económicas)  
C/. Galeras (Antigo Hospital)  
Campus Sur (Estrada de Noia. Parada bus preto do Gran Hotel)  
Marquesina – Residencia Militar E. General Barroso

**Venres: Santiago-Pontevedra-Vigo**

**Saídas de Santiago: Marquesina – Residencia Militar E. General Barroso -16,30 horas**

**Campus Sur (Ctra. Noia. Parada bus preto do Gran Hotel) -16,35 horas**

**C/. Galeras (Antigo Hospital) -16,40 horas**

**Campus Norte (Facultade de Económicas) -16,45 horas**

**Con paradas en Pontevedra e Vigo nos puntos xa descritos.**

Este ano, o comenzo do servizo será o **próximo día 13 de setembro**, e interromperase nas datas habituais de vacacións (Nadal, Semana Santa) ou festivos, **o que se anunciará oportunamente no propio autobús**.

### **OUTRAS UNIVERSIDADES**

Así mesmo, aos colexiados cuxos fillos cursen estudos universitarios nunha localidade distinta da residencia do colexiado que consta na nosa base de datos, ou que pola súa dirección non lle sea posible a utilización do servizo de autobús, concederáselle unha axuda económica. Por iso, se te encontras nesta situación, te rogo nos envíes igualmente o xustificante de matrícula do curso que realiza xunto coa solicitude cuberta. Neste caso non fai falta fotografía. **NON SE CONCEDERÁ AXUDA AOS FILLOS QUE ESTUDEN NO MESMO MUNICIPIO CA RESIDENCIA DO COLEXIADO. (O prazo para solicitar a devandita axuda finaliza o 25 de xuño de 2027).**



**f/. Isidro J. Lago Barreiro**  
**PRESIDENTE**

**f/. Jorge Nogueira Dios**  
**SECRETARIO XERAL.**

**NOTA IMPORTANTE:** Non se permitirá a utilización do servizo do autobús aos interesados que non presenten o **CARNÉ IDENTIFICADOR QUE EXPIDE ESTE COLEXIO**. Para evitar malos entendidos coas posteriores reclamacións e molestias, prégoche informes claramente os teus fillos desta circunstancia.